



DOCUMENTO DE CONTRATO DE PRÉSTAMO

Nome e apelidos:	
DNI:	Nº colexiación:
Domicilio profesional:	

Solicitada polo/a comparecente a obtención dun préstamo dos ofertados polo Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela (en adiante ICA Santiago) por razón das excepcionais circunstancias derivadas da pandemia (Covid-19) e co obxecto de obter inmediata liquidez para cubrir as necesidades propias da súa actividade profesional como avogado/a exercente no ámbito territorial deste Colexio, para tales efectos MANIFESTA:

Primeiro. Coa sinatura do presente documento o/a comparecente acepta a concesión por parte do ICA Santiago dun préstamo por importe de:

[Marcar só unha das dúas opcións]

600 € (seiscentos euros)

1.200 € (mil douscentos euros)

Segundo. O/A comparecente solicita que o importe total do préstamo lle sexa ingresado na seguinte conta bancaria da que é titular:

A mesma en que ten domiciliadas as cotas colexiais.

Outra distinta:

IBAN:

E	S																		
---	---	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

Terceiro. O/A comparecente coñece e acepta que, para o caso de que non perciba na conta bancaria o importe do seu préstamo no prazo máximo de sete días hábiles dende a data da súa solicitude, este entenderase denegado, sen prexuízo da comunicación que en tal sentido poida efectuarse de forma expresa e persoal por parte do ICA Santiago.

Cuarto. O/A comparecente coñece as condicións de concesión deste préstamo e concretamente as seguintes, que acepta expresamente:

a) A concesión do préstamo realizarase por rigorosa orde de presentación das solicitudes (segundo o número de rexistro de entrada no ICA Santiago).

b) A solicitude poderá serlle denegada por esgotarse o crédito destinado a este préstamo despois de atender outras solicitudes previas para o mesmo fin.



- c) Este documento, xunto co xustificante de ingreso do importe do préstamo na conta bancaria do/a comparecente, é suficiente para acreditar a súa concesión e a posta a disposición do/a comparecente do importe deste.
- d) O préstamo non devindicará ningunha comisión, nin gasto, nin xuro durante o período ou prazo que medie dende a súa concesión ata o prazo máximo fixado para a súa devolución.
- e) O prazo máximo para a devolución do préstamo será o 30.12.2021, que deberá efectuarse mediante ingreso ou transferencia á mesma conta bancaria do ICA Santiago dende a que se realizou o ingreso do dito préstamo.
- f) O/A comparecente pode efectuar a devolución anticipada do préstamo en calquera momento a partir da data da súa concesión, que poderá realizarse de forma total ou parcial. No caso de efectuar a devolución de forma parcial, o/a comparecente adquire o compromiso de que, para os efectos de facilitar a xestión das devolucións, as cantidades devoltas sexan dun importe mínimo de 150,00 euros ou múltiplos deste.
- g) O/A comparecente coñece que se someterá a aprobación da Xunta Xeral do ICA Santiago, a posible prórroga do prazo de devolución do préstamo. No caso que esta prórroga fose aprobada, poderá acollerse ao novo prazo fixado pola Xunta Xeral.
- h) No caso de causar baixa como colexiado/a do ICA Santiago, producirase o vencemento anticipado do préstamo e deberá devolver as cantidades debidas no prazo máximo de 10 días dende a data de firmeza da dita baixa.
- i) Para o caso de que o/a comparecente non efectuase a devolución íntegra do préstamo, ben por causar baixa na colexiación, ben por vencer o prazo fixado ou, de ser o caso, aquel outro prazo ampliado que poida fixar a Xunta Xeral, o préstamo devindicará xuros legais, gastos e custas; todo iso sen prexuízo das sancións que procedan de conformidade co Estatuto xeral da avogacía, co Código deontolóxico e co Estatuto do ICA Santiago; someténdose expresamente ao foro dos xulgados e tribunais do ámbito territorial do ICA Santiago.

Quinto. O/A comparecente é coñecedor/a das bases de concesión do préstamo, aprobado pola Xunta de Goberno do ICA Santiago o 23.03.2021, e acéptaaas integramente coa súa sinatura.

Para os presentes efectos, ademais de aceptar expresamente as anteriores condicións do préstamo, o/a comparecente fai a seguinte **declaración responsable**:

“Manifesta responsablemente que é colexiado/a exercente residente por conta propia, con despacho profesional aberto ao público no termo territorial do ICA Santiago, e que está ao corrente das súas obrigas colexiais”.

En proba de conformidade, asina electronicamente o presente documento.